

**Acta núm. 12/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 5 de xullo de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 5 de xullo de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2022, DO 21.06.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 4º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) CORRECCIÓN DE ERROS DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2022, DO 21.06.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 21.06.2022, acta núm. 11/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO PENEDO PENEDO, na que comunica que vai abrir un oco no peche da parcela da vivenda sita na Urbanización Monte Balado 5 – baixo B, para instalar unha porta metálica de acceso peonil ás zonas comúns da urbanización. A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,16 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,73 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS, na que comunica que vai realizar as seguintes obras nunha parcela sita en Vioxo de Abaixo nº 9 – Luaña:

- Instalar unha piscina de 7x3,50 m descuberta de tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019 polo que se regulan os criterios hixiénicos-sanitarios das piscinas de Galicia.
- Construír un galpón para gardar apeiros de labranza, de 48 m² construídos, con fábrica de ladrillo.

A parcela (referencia catastral núm 1441301NH2414S0001PQ) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións:

- Parte en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (NRO-1). Sobre esta existe unha vivenda e unhas edificacións construídas no ano 1900, segundo Oficina Virtual do Catastro.
- Parte en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (NRO-2). Sobre esta non existe edificación algunha e é onde se pretende facer a actuación.

O Sr. Concelleiro Sampedro Bouzas abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Situarase mínimo a 5 metros do eixe dos viais, a 3 metros mínimo de tódolos lindeiros e a 3 metros mínimo da liña de cambio de calificación do solo.
- O galpón será convenientemente revestido e pintado e a cubrición será en tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 406,37 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 470,94 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Enrique Merino García, que di actuar en representación de SERVICIOS TÉCNICOS Y MANTENIMIENTO DE ALTA TENSION, S.A., na que comunica que vai instalar 18 paneis solares fotovoltaicos na cuberta dunha vivenda sita en Boimil 9 – Brión, para autoconsumo con compensación de excedentes.

A edificación (referencia catastral núm. 6063223NH2466S0000RI) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 191,00 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 255,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Enrique Merino García, que di actuar en representación de SERVICIOS TÉCNICOS Y MANTENIMIENTO DE ALTA TENSION, S.A., na que comunica que vai instalar 16 paneis solares fotovoltaicos na cuberta da vivenda sita en Boimil 8 – Brión, para autoconsumo con compensación de excedentes.

A edificación (referencia catastral núm. 6063223NH2466S0000KI) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 169,90 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 234,47 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS IGLESIAS DURÁN, na que comunica que vai instalar 11 módulos de placas solares na cuberta da vivenda sita en Liñares 50 – Brión, para o autoconsumo eléctrico doméstico.

A edificación (referencia catastral núm. 5850318NH2455S0001WA) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).
 A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 144,93 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por IRENE LÓPEZ SAMPEDRO, na que comunica que vai construír un peche de sillares de granito de aproximadamente 31 metros de lonxitude, en contacto coa vía pública, coincidindo coa aliñación, nunha parcela sita en San Salvador 36-Bastavales.

A parcela (referencia catastral 7522903NH2475S0001AL) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura máxima do peche de sillares de granito segundo o artigo 3.2.1.12 do PXOM será de 1,20 metros medidos dende a rasante da beirarrúa.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 125,47 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUELA SALGUEIROS SÚAREZ, na que comunica que vai pintar as fachadas dunha vivenda sita na Avda. Santa Minia 67, Brión.

A edificación onde se van executar as obras (referencia catastral 6261507NH2466S0001HO), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 63,80 euros.

Total: 63,80 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS IGLESIAS DURÁN, na que comunica que vai pintar as fachadas dunha vivenda sita no lugar de Liñares nº 50, Brión.

A edificación onde se van executar as obras (referencia catastral 5850318NH2455S0001WA), emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 33,60 euros.

Total: 33,60 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SAMANTHA MARÍA PAJARES GÜETO e DAVID NOYA SUÁREZ, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Liñares 63 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.06.2022 (expte. núm. 2202828).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 5750430NH2455S0000ZP) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e atópase dentro da zona de protección da estrada DP-1301.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación da Coruña do 26.01.2022, (expte. 2021000048077), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.06.2022 (expte. núm. 2202828).

- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a vias fora das aliñacións establecidas no planeamento (65,86 m² e 57,47 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- . A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- . Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 65,86 m² no linde sur (coa DP1301 – Gándara a Amañecida) e

de: 57,47 m² no linde oeste, destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 1 de xullo de 2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.569,07 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
 Total: 1.665,10 euros.

CUARTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por FELIPE FURELOS BEN, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar con piscina no lugar de Adoufe 20 – Os Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local do 15.10.2020 a nome de Zero Energetic Housing, S.L.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obras solicitada, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 15.10.2020, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra a FELIPE FURELOS BEN con DNI: ***1851**, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Cuña Fernández, que di actuar en representación de ROGELIO LUIS MIRAZO BLANCO, na que solicita licenza para segregación e agregación de dúas parcelas sitas no lugar de Chave de Carballo – Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña-Pontevedra) con data 26.04.2022, visado número 20220415.

Descrición das parcelas de orixe:

Finca nº 1.148 da zona de Concentración Parcelaria de Bastavales.

Referencia catastral núm. 9320201NH2492S0001BX

Superficie (segundo medición recente): 3.105 m².

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte e Leste: camiño de concentración parcelaria.

Sur: Vicente Mirazo Díaz e outros (1149).

Oeste: Camiño.

Sobre esta parcela existe unha edificación destinada a vivenda composta por dúas plantas, a primeira de 99 m² e a segunda de 104 m², ademais dun garaxe de 15 m².

Ademais existe polo vento sur, parte dunha vivenda que se encontraría sobre esta parcela, en concreto ocuparía unha superficie en planta de 50 m².

Finca nº 1.149-1 da zona de Concentración Parcelaria de Bastavales.

Referencias catastrais núm. 9221701NH2492S0001UX e núm. 9320202NH2492S0001YX

Superficie (segundo medición recente): 3.810 m².

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: Carmen Gómez Cornes (1.148) hoxe Rogelio Mirazo Díaz e esposa, e camiño.

Sur: Finca número 1.149-2 que se describe a continuación, regato en medio.

Leste: Camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Oeste: Finca número 1.149-3 que se describirá, regato en medio.

Esta finca atópase atravesada por un camiño.

Sobre esta parcela existe unha edificación destinada a vivenda composta por un semisoto de 145 m², unha planta baixa de 152 m², unha planta alta de 161 m², e un almacén na planta superior de 71 m².

Sobre a mesma parcela existe unha piscina de 62 m² e un pequeno almacén de 8 m².

Parte desta vivenda atópase sobre a parcela nº 1.148, en concreto 50 m² en planta.

Ademais existe polo vento sur, parte dunha vivenda que se encontraría sobre esta parcela, en concreto ocuparía unha superficie en planta de 50m².

Segregación pretendida:

Segregación da parcela nº 1.148 da zona de Concentración Parcelaria de Bastavales para agregación a parcela nº1.149-1 da zona de Concentración Parcelaria de Bastavales.

Superficie: 451 m².

Sobre esta parcela atópanse 50 m² en planta da vivenda sita na finca nº1.149-1.

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Parcelas resultantes:

Finca nº 1.148 da zona de Concentración Parcelaria de Bastavales.

Superficie bruta: 2.654 m².

Superficie de cesión: 207 m² (a 4 m. do eixe do vial secundario e a 5,50 m. do eixe do vial principal).

Superficie neta: 2.447 m².

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte e Leste: camiño de concentración parcelaria.

Sur: Vicente Mirazo Díaz e outros (1149).

Oeste: camiño.

Sobre esta parcela existe unha edificación destinada a vivenda composta por dúas plantas, a primeira de 99 m² e a segunda de 104 m², ademais dun garaxe de 15m².

Superficie total construída: 218 m².

Finca nº 1.149-1 da zona de Concentración Parcelaria de Bastavales.

Superficie bruta: 4.261 m².

Superficie de cesión: 393 m² (a 4 m. do eixe do vial secundario e a 5,50 m. do eixe do vial principal).

Superficie neta: 3.868 m².

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: Carmen Gómez Cornes (1.148) hoxe Rogelio Mirazo Díaz e esposa, e camiño.

Sur: finca número 1.149-2 que se describe a continuación, regato en medio.

Leste: camiño construído polo servizo de Concentración Parcelaria.
 Oeste: finca número 1.149-3 que se describirá, regato en medio.

Esta finca atópase atravesada por un camiño.

Sobre esta parcela existe unha edificación destinada a vivenda composta por un semisoto de 145m², unha planta baixa de 152m², unha planta alta de 161 m², e un almacén na planta superior de 71 m².
 Sobre a mesma parcela existe unha piscina de 62 m² e un pequeno almacén de 8 m².
 Superficie total construída: 599 m².
 Superficie total ocupada: 222 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de: 207 m² e 393 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

SEXTO.- CORRECCIÓN DE ERROS DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por TERESA VILOUTA CASAIS na que solicita a corrección de erros detectada na concesión e na modificación da licenza de segregación outorgada a MARÍA TERESA VILOUTA CASAIS e MARÍA JOSEFINA SALGADO VILOUTA pola Xunta de Goberno Local do 19.04.2022 e do 21.06.2022 respectivamente, para a segregación da parcela (referencias catastrais núm. 6940501NH2464S0001GZ e 15013B505006620000MS), sita no lugar de Estrar – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto J. Ángel Canabal Chamosa, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 23.09.2021 (expte núm. 2105675), e o posterior proxecto refundido visado con data 10.02.2022, así como a documentación complementaria presentada en data de 05.04.2022.

Vistos os informes favorables do arquitecto municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a instancia das interesadas, acorda:

1º) Rectificar os erros advertidos nos acordos da Xunta de Goberno Local sinalados, nos seguintes termos:

Onde di: Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA TERESA VILOUTA CASAIS e MARÍA JOSEFINA SALGADO VILOUTA, **debe dicir:** Deuse conta dunha instancia presentada por **TERESA VILOUTA CASAIS** e MARÍA JOSEFINA SALGADO VILOUTA.

Onde di: B. Parcela segregada, denominada Parcela C. Lindes: Oeste: Estrada AC-300, **debe dicir:** B. Parcela segregada, denominada Parcela C. Lindes: Oeste: **Resto da parcela matriz.**

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
 Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González